

CONVOCATORIA 2021 DE AXUDAS A PROXECTOS I+D+I PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE CONCEPTO DA AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

No B.O.E. de data 27 de abril de 2021 publicouse o extracto da convocatoria 2021 de axudas a proxectos de I+D+i para a realización de probas de concepto, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 556969.

Trátase dunha nova convocatoria de axudas da Axencia Estatal de Investigación (AEI) incluída no Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2017-2020 e no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (Plan de Recuperación), do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.

Estas axudas teñen como finalidade fomentar e acelerar a transferencia de coñecementos e resultados xerados en proxectos financiados pola AEI, así como a explotación dos mesmos como produtos, bens, aplicacións ou beneficios para a economía, a sociedade, a cultura, ou as políticas públicas.

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumen da convocatoria.

CONVOCATORIA
2021 DE
AXUDAS A
PROXECTOS
I+D+I PARA A
REALIZACIÓN DE
PROBAS DE
CONCEPTO

Resolución da
convocatoria da
AEI 2021
"pruebas de
concepto"

Fichas resumo da
convocatoria
2021